

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

**8821** *Real decreto 628/2010, do 14 de maio, polo que se modifican o Real decreto 2606/1996, do 20 de decembro, sobre fondos de garantía de depósitos en entidades de crédito, e o Real decreto 948/2001, do 3 de agosto, sobre sistemas de indemnización dos investidores.*

Este real decreto ten por obxecto fundamental completar a transposición da Directiva 2009/14/CE do Parlamento e do Consello, do 11 de marzo de 2009, pola que se modifica a Directiva 94/19/CE relativa aos sistemas de garantía de depósitos, no que respecta ao nivel de cobertura e ao prazo de pagamento.

A Directiva 2009/14/CE introduce unha serie de reformas esenciais na regulación dos sistemas de garantía de depósitos europeos, como son: o fomento da cooperación entre sistemas europeos, o incremento das obrigas de información das entidades de crédito aos depositantes sobre a cobertura dos seus depósitos por sistemas estranxeiros ou nacionais, o aumento do nivel de cobertura dos depósitos, a redución do prazo para que a autoridade competente declare a incapacidade de realizar o pagamento e para facer efectivo o pagamento polo sistema de garantía de depósitos e, por último, a obrigatoriedade dos fondos de garantía de levar a cabo probas de esforzo para avaliar a súa capacidade para facer fronte a unha posible crise dunha entidade. Estas reformas responden á necesidade de infundir confianza no sistema financeiro, nun contexto de crise financeira a nivel mundial, sen distorsionar a competencia no Mercado Único.

Co Real decreto 1642/2008, do 10 de outubro, polo que se fixan os importes garantidos a que se refire o Real decreto 2606/1996, do 20 de decembro, do Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito, e o Real decreto 948/2001, do 3 de agosto, sobre sistemas de indemnización dos investidores, xa se realizou o aumento da cobertura que requiría a Directiva 2009/14/CE. Adicionalmente, incrementouse a cobertura do fondo de garantía de investimentos para manter un nivel homoxéneo de protección.

Tal e como se establecía no Real decreto 1642/2008, do 10 de outubro, neste real decreto mantense o nivel de protección de 100.000 euros para situacións que se poidan desencadear no futuro. Por tanto, o artigo primeiro.Tres e segundo.Un teñen por único obxecto introducir directamente no articulado do Real decreto 2606/1996 e do Real decreto 948/2001 ese nivel de cobertura.

O resto do artigo un deste real decreto completa a transposición da Directiva 2009/14/CE. En primeiro lugar, trasponse a redución do prazo dispoñible para que o Banco de España declare a incapacidade dunha entidade de realizar o pagamento dos seus depósitos e do prazo para facer efectivo o pagamento polos fondos de garantía de depósitos. Así mesmo, establécense as obrigas dos fondos de garantía de depósitos de realizaren probas de esforzo para avaliar a súa capacidade para facer fronte a unha posible crise dunha entidade e de cooperar cos sistemas de garantía de depósitos doutros Estados membros. Doutra banda, prevese a obriga das entidades de crédito de pór á disposición dos seus clientes a información relativa ao funcionamento dos fondos de garantía de depósitos a que están adscritas.

No entanto, aproveitouse a ocasión para introducir unha serie de cambios que teñen por obxecto fundamental actualizar a normativa principal de garantía de depósitos e de investimentos.

Así, en primeiro lugar, precisouse que o excedente de que poden dispor os fondos se destinará ao patrimonio sen que se poida distribuír entre as entidades adheridas. Iso parece deducirse da lectura completa da normativa, pero non se explicitaba.

Tamén se procedeu a adaptar o Real decreto 2606/1996 aos cambios terminolóxicos introducidos pola Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, de forma que se substituíron as referencias a quebras e suspensións de pagamentos polo concurso de acredores.

En terceiro lugar, modifícase o prazo de pagamento de valores e instrumentos financeiros cubertos polos fondos de garantía de depósitos ou polo fondo de garantía de investimentos. Con este real decreto o prazo de tres meses comezará a contar desde o momento en que se identifica e se calcula a posición acreedora do investidor. O dito cambio obedece á necesidade de dotar dun maior prazo para unha operación que pode resultar moi complexa.

Finalmente, no artigo segundo.Dous, co fin de aclarar a interpretación da norma, explíctase que o fondo de garantía de investimentos non cubrirá os investidores que tivesen contratada unha conta de valores cunha entidade non cuberta polo fondo español aínda que esta, pola súa vez, depositase os seus valores nunha conta dunha entidade cuberta polo fondo.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 14 de maio de 2010,

#### DISPOÑO:

**Artigo primeiro.** *Modificación do Real decreto 2606/1996, do 20 de decembro, sobre fondos de garantía de depósitos en entidades de crédito.*

O Real decreto 2606/1996, do 20 de decembro, sobre fondos de garantía de depósitos en entidades de crédito queda modificado como segue:

Un. O punto tres do artigo 3 queda redactado do seguinte modo:

«3. As achegas anuais das entidades adscritas irán destinadas a cubrir as necesidades derivadas das funcións atribuídas aos fondos e ingresarase na conta que designe a comisión xestora correspondente, a partir da data de peche de cada exercicio, nun ou máis desembolsos, á vista das necesidades do fondo e nos prazos que fixe a comisión xestora correspondente.

No entanto, e sen prexuízo do disposto no punto seguinte, o eventual excedente anual e calquera outro excedente no patrimonio dos fondos sobre a contía necesaria para o cumprimento dos seus fins permanecerá no dito patrimonio sen que caiba a súa distribución ou devolución ás entidades adheridas.»

Dous. O parágrafo oitavo do artigo 5.2 queda redactado do seguinte modo:

«Os fondos deberán cooperar cos sistemas de garantía de depósitos doutros países co obxecto de organizar, de ser o caso, o pagamento dos importes garantidos. Para ese efecto, poderanse establecer os convenios e mecanismos de colaboración que consideren oportunos.»

Tres. O punto catro do artigo 5 queda redactado do seguinte modo:

«4. As entidades adscritas aos fondos deberán pór á disposición dos seus depositantes e investidores reais e potenciais, en todas as súas oficinas e na súa páxina web en forma facilmente comprensible e accesible, a información necesaria para identificar o fondo de garantía de depósitos a que pertencen. Esa información comprenderá en todo caso a súa denominación, sede, número de teléfono, enderezo da internet e de correo electrónico, así como as disposicións aplicables a el, especificando o importe e o alcance da cobertura ofrecida.

No caso dos depósitos ou valores que non estean garantidos en virtude do previsto no artigo 4.4, deberán informar respecto diso os seus depositantes e investidores.

Se o depositante ou investidor o solicita, será informado, así mesmo, das condicións necesarias para que se produza o pagamento do importe garantido e das formalidades necesarias para o seu pagamento.

Así mesmo, terán á disposición do público información sobre as características do fondo e indicación, de ser o caso, das coberturas ofrecidas por sistemas ou fondos estranxeiros. En particular, precisarán o réxime de cobertura para os supostos de depósito ou rexistro de valores noutras entidades financeiras.

Sen prexuízo do establecido nos parágrafos anteriores deste mesmo número, as entidades integradas nos fondos non poderán utilizar a súa pertenza a eles na súa publicidade, aínda que poderán incluír unha mención a aquela sen engadir outros datos ou informacións sobre os fondos.»

Catro. Os parágrafos primeiro e segundo do artigo 7.1 quedan redactados do seguinte modo:

«O importe garantido dos depósitos terá como límite a contía de 100.000 euros ou, no caso de depósitos nominados noutra divisa, o seu equivalente aplicando os tipos de cambio do día en que se produza algún dos feitos citados no artigo 8.1 deste real decreto ou o día anterior hábil cando fose festivo.

O importe garantido aos investidores que confiasen á entidade de crédito valores ou instrumentos financeiros será independente do previsto no parágrafo precedente e alcanzará como máximo a contía de 100.000 euros.»

Cinco. O artigo 8 queda redactado do seguinte modo:

«1. Os fondos satisfarán aos seus titulares o importe garantido dos depósitos cando se produza algún dos seguintes feitos:

a) Que se ditase auto en que se declare o concurso da entidade de crédito.

b) Que, non se tendo declarado o concurso da entidade conforme o indicado no parágrafo anterior e téndose producido falta de pagamento de depósitos vencidos e exixibles, o Banco de España determine que, na súa opinión e por razóns directamente derivadas da situación financeira da entidade de que se trate, esta se encontra na imposibilidade de restituílos e non parece ter perspectivas de poder facelo nun futuro inmediato. O Banco de España, oída a comisión xestora do fondo, deberá resolver o máis axiña posible e, como moi tarde, dentro dos cinco días hábiles seguintes a aquel en que se comprobe por primeira vez que a entidade non logrou restituír depósitos vencidos e exixibles, tras dar audiencia á entidade interesada, sen que esta supoña interrupción do prazo sinalado.

2. Os fondos satisfarán aos seus titulares o importe garantido dos valores e instrumentos financeiros susceptibles de cobertura cando se produza algún dos seguintes feitos:

a) Que se ditase auto declarando o concurso da entidade de crédito e esa situación comporte a suspensión da restitución dos valores ou instrumentos financeiros; no entanto, non procederá o pagamento deses importes se, dentro do prazo previsto para iniciar o seu desembolso, se levanta a suspensión mencionada.

b) Que o Banco de España declare que a entidade de crédito non pode, á vista dos feitos de que tivo coñecemento o propio Banco de España e por razóns directamente relacionadas coa súa situación financeira, cumprir as obrigas contraídas cos investidores.

Para que o Banco de España poida realizar esta declaración será necesario que se produzan as seguintes circunstancias:

a) Que o investidor lle tivese solicitado á entidade de crédito a devolución dos valores e instrumentos financeiros que lle confiase e non obtivese satisfacción nun prazo máximo de vinte e un días hábiles por parte daquela.

b) Que a entidade de crédito non se atope na situación prevista na alínea a) do número 1 deste artigo.

c) Que se dea audiencia previa á entidade de crédito.

3. Cando a entidade afectada fose unha sucursal dunha entidade de crédito con sede social noutro Estado da Unión Europea, a declaración de incumprimento adoptarase coa colaboración da autoridade competente do dito Estado.»

Seis. O artigo 9.1 queda redactado do seguinte modo:

«1. Sen prexuízo do establecido no punto 4 do artigo 4 deste real decreto:

a) Os fondos deberán satisfacer as reclamacións debidamente comprobadas dentro dos vinte días hábiles seguintes ao da data en que o Banco de España tome a determinación a que se refire a alínea b) do número 1 do artigo anterior ou a autoridade xudicial dite a decisión mencionada na alínea a) do mesmo número 1.

A recompilación e transmisión polas entidades de crédito da información exacta sobre os depositantes e os depósitos garantidos, necesaria para comprobar as reclamacións, deberase efectuar dentro do prazo previsto no parágrafo anterior.

Cando os fondos prevexan que non poden efectuar os pagamentos no prazo establecido, poderán solicitar ao Banco de España a concesión dunha prórroga non superior a dez días hábiles, indicando as razóns da solicitude. O Banco de España poderá autorizala cando aprecie que concorren motivos excepcionais que xustifiquen o atraso, tales como o elevado número de depositantes, a existencia de contas noutros países ou a constatación de dificultades extraordinarias técnicas ou xurídicas, para comprobar o saldo efectivo dos depósitos garantidos ou se procede ou non satisfacer o importe garantido.

b) Así mesmo, os fondos deberán satisfacer as reclamacións dos investidores o antes posible e, como moi tarde, tres meses despois de determinar a posición do investidor e o seu importe.

Cando os fondos prevexan que non poden efectuar os pagamentos no prazo establecido, poderán solicitar ao Banco de España a concesión dunha prórroga non superior a tres meses, indicando as razóns da solicitude. O Banco de España poderá autorizala cando aprecie que concorren motivos excepcionais que xustifiquen o atraso, tales como o elevado número de investidores, a existencia de valores confiados á entidade noutros países ou a constatación de dificultades extraordinarias, técnicas ou xurídicas, para comprobar o saldo efectivo dos valores garantidos ou se procede ou non satisfacer o importe garantido.»

Sete. O artigo 9.3 queda redactado como segue:

«3. Os fondos non se poderán acoller aos prazos a que se refiren os puntos anteriores para denegar o beneficio dunha garantía a un depositante ou investidor que non puidese facer valer a tempo o seu dereito. Os importes non satisfeitos, dentro do prazo establecido ou das súas prórrogas, quedarán nos fondos á disposición dos seus titulares, sen prexuízo da súa prescrición conforme dereito. No entanto, se as reclamacións que vaian realizar os depositantes ou investidores en execución da garantía se efectuasen con posterioridade á satisfacción a estes de calquera cantidade que fose acordada nun eventual procedemento concursal, a determinación do importe que cómpre satisfacer en virtude da garantía deberá tomar en consideración o importe xa percibido no dito procedemento, co fin de que os citados depositantes ou investidores non obteñan vantaxe nin sufran detrimentos económicos en relación con aqueles que executaron a garantía nun momento anterior.»

**Artigo segundo.** *Modificación do Real decreto 948/2001, do 3 de agosto, sobre sistemas de indemnización dos investidores.*

Un. O número un do artigo 6 queda redactado do seguinte modo:

«1. Os fondos garantirán que todo investidor perciba o valor monetario da súa posición acreedora global fronte á dita empresa, co límite cuantitativo de 100.000 euros.

A expresada cantidade poderá ser actualizada polo ministro de Economía e Facenda logo de informe da CNMV, de conformidade coa normativa vixente da Unión Europea.»

Dous. O número cinco do artigo 6 queda redactado do seguinte modo:

«5. Cando os titulares dunha conta actúen como representantes ou axentes de terceiros, sempre que esta condición existise no momento da súa apertura e formalización coa entidade adherida e esta tivese lugar antes de se producir algunha das circunstancias descritas no artigo 5, a cobertura do fondo aplicaráselles aos beneficiarios daquela, xa sexa de efectivo, valores ou instrumentos financeiros, na parte que lles corresponda.

Cando quen actúe como representante ou axente sexa unha entidade das excluídas de cobertura do fondo, para efectos deste real decreto, a correspondente posición acreedora global neta considerarase que pertence á dita entidade e non será cuberta polo fondo.»

Tres. O artigo 13.1 queda redactado do seguinte modo:

«1. Os fondos deberán satisfacer as reclamacións dos investidores o antes posible e, como moi tarde, tres meses despois de determinar a posición do investidor e o seu importe.

Cando as sociedades xestoras dos fondos prevexan que estes non poden efectuar os pagamentos no prazo establecido, poderán solicitar á CNMV a concesión dunha prórroga non superior a tres meses, indicando as razóns da solicitude. A CNMV poderá autorizala cando aprecie que concorren motivos excepcionais que xustifiquen o atraso.»

**Disposición adicional única.** *Probas de funcionamento e información aos fondos.*

Os fondos de garantía de depósitos levarán a cabo regularmente probas de funcionamento e, se procede, serán informados cando o Banco de España descubra problemas nunha entidade de crédito que poidan dar lugar á intervención dun fondo de garantía de depósitos.

**Disposición transitoria única.** *Aplicación do nivel de cobertura dos fondos de garantía de depósitos e dos sistemas de garantía de investimentos.*

O importe garantido a que se refiren os artigos 7.1 do Real decreto 2606/1996, do 20 de decembro, sobre fondos de garantía de depósitos en entidades de crédito, e 6.1 do Real decreto 948/2001, do 3 de agosto, sobre sistemas de indemnización dos investidores aplicarase ás situacións previstas no artigo 8.1 do Real decreto 2606/1996, do 20 de decembro, e 5.1 do Real decreto 948/2001, do 3 de agosto, que se produciron con posterioridade ao 10 de outubro de 2008.

**Disposición derogatoria única.** *Derrogación normativa.*

Quedan derogados o Real decreto 1642/2008, do 10 de outubro, polo que se fixan os importes garantidos a que se refire o Real decreto 2606/1996, do 20 de decembro, do Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito, e o Real decreto 948/2001, do

3 de agosto, sobre sistemas de indemnización dos investidores, así como cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

**Disposición derradeira primeira.** *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto incorpórase ao dereito español a Directiva 2009/14/CE do Parlamento e do Consello, do 11 de marzo de 2009, pola que se modifica a Directiva 94/19/CE relativa aos sistemas de garantía de depósitos, no que respecta ao nivel de cobertura e ao prazo de pagamento.

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Barcelona o 14 de maio de 2010.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta segunda do Goberno  
e ministra de Economía e Facenda,  
ELENA SALGADO MÉNDEZ